

Pola presente convócase a tódolos socios da AGAMFEC, á **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA** que se terá lugar o vindeiro 25 de novembro de 2011 no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo ás 19:00 horas en primeira convocatoria e ás 19:30 horas en segunda convocatoria, e á **ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA** que terá lugar a continuación, coincidindo coas XVI Xornadas galegas de Medicina Familiar e Comunitaria, coa seguinte orde do día:


#### ORDE DO DÍA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

1. Lectura e aprobación do Acta da Asemblea ordinaria anterior
2. Exame e aprobación das contas do exercicio económico anterior
3. Memoria de Actividades
4. Resultados da enquisa de AGAMFEC
5. Rogos e preguntas.

#### ORDE DO DÍA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

1. Elección dos integrantes da Xunta Directiva. Poderá atopar información dos artigos 31 y 32 dos estatutos da sociedade ao reverso deste documento

Asdo:



Jaime González Rey  
Presidente da AGAMFEC

---

Eu, \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_ e asociado/a da AGAMFEC, autorizo a \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, e tamén asociado/a da AGAMFEC, a votar no meu nome na Asemblea Xeral Extraordinaria da AGAMFEC que terá lugar o día 25 de novembro de 2011 no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo

O interesado/a

O autorizado/a

### Artigo 31. Composición.

1. A Xunta Directiva da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria estará composta por: Presidente, dous Vicepresidentes, secretario, tesoureiro e vogais, seis como mínimo.
2. O Presidente, Vicepresidentes, Secretario, Tesoureiro e dous vogais formarán a Xunta Permanente da Asociación.
3. Os compoñentes da Xunta Directiva deben ser socios da Asociación, maiores de idade, cun mínimo dun ano de antigüidade, estar en pleno uso dos dereitos civís, estar ao corrente no pago das cotas e non ter incorrido en ningún dos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.
4. Non poderán ser membros da Xunta Directiva aqueles que teñan sido sancionados por comisión de faltas graves ou moi graves ate que se atopen rehabilitados.
5. Os cargos da Xunta Directiva serán non remunerados, sen prexuízo da posibilidade ou dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño das súas funcións lles ocasione.

### Artigo 32. Eleccións dos membros da Xunta Directiva

1. Os membros da Xunta Directiva deberán ser elixidos en Asemblea Xeral, en sesión Extraordinaria convocada ó efecto cunha antelación mínima de quince días antes da data da súa celebración.
2. A elección farase sobre candidaturas unitarias que conteñan todos os membros a elixir e coa distribución de cargos entre eles. As candidaturas deberán ser presentadas na Secretaría da Asociación, suscritas e asinadas polos membros candidatos, cun mínimo de unha hora antes da celebración da Asemblea. No proceso formarase unha mesa electoral composta por un Secretario e dous vocais da Xunta Directiva. Por maioría simple resultará electa aquela candidatura que obteña maior número de votos ao seu favor.